

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: O Alto - Narón

COMARCA: Ferrolterra

DATA: 21/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN: Local Social O Alto

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 21

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 5

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: Toda a militancia

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Xosé Fandiño

Representante Consello Nacional: Olaia Ledo

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 9

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN:1h e 40 ´

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
Proxectouse o vídeo do Proceso Adiante. Reunión mantida en círculo cunha mesa para o representante local e a representante do Consello Nacional para tomar notas.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha
assemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Bo tono, debate diferente ao primeiro encontro da localidade. Diferenciouse o carácter do Proceso do meramente electoral máis boa parte centrouse no segundo. Tres das cinco persoas simpatizantes interviron. Segundo encontro na localidade de Narón e diferente ao primeiro en argumentos. Considérase positivo ter tido os dous e cremos que axudou á participación. Entre os dous encontros 39 persoas (33 en total xa que seis persoas estiveron nos dous encontros)

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Considérase necesario cuestionar desde as formas até o nome. Preciso activar o nacionalismo e ter un concepto amplo do que significa. É preciso conformarnos dun discurso propio.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Unha parte das persoas participantes do encontro considera que estamos de costas á sociedade e que así énos difícil ser cercanos a ela. Importancia dos medios de comunicación na percepción dos problemas de Galiza.

Un militante pon sobre a mesa que o problema de Galiza non é a esquerda ou dereita se non que é o do nacionalismo - españolismo e se podemos dar cabida a outras persoas no nacionalismo que non se consideren na esquerda. Gran parte do debate xira neses termos con argumentos a favor e en contra. Faise dunha maneira construtiva.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Analizar e crear liñas de actuación. Situación colonial e dependente. Preciso retomar xente doutras organizacións e crear procesos de confianza. Hai moitos modelos de nacionalismo máis ante a pregunta de cal é o acaído xurde debate: dúas persoas máis outra simpatizante consideran que é necesario abrir a espectros galeguistas e doutros ámbitos que non se sitúen á "esquerda", ou ir cara unha organización "interclasista" máis outra parte que inclúe tamén a dúas persoas non militantes cren no nacionalismo de esquerda e que para seren empresario non fai falla ser de dereitas. Tamén que é importante non negar o conflito de clases nunha sociedade capitalista e na situación colonial de Galiza. Acórdase ver onde está o punto de corte do "interclasismo".

Facer discursos que a xente entenda máis non pecharnos ao que pensamos. Sermos quen de aprender da sociedade, das galegas e dos galegos e non ter medo a explicar o que pensamos.

Remata a reunión coa intervención de Xosé, militante de base da organización:

"Estamos a falar do de sempre. Temos unha estrutura política válida e somos unha fábrica de ideas pero non hai vendedores. Ademais sentímonos que non temos axuda e sempre camiñamos no mesmo círculo"

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Un simpatizante abre o debate dicindo que ás veces imos de costas do que xa está organizado e que debemos aprender o que quere á sociedade.

Outra parte considera que o modelo organizativo debe de valer para reforzar o nacionalismo porque é a única ferramenta viábel e positiva para o benestar do pobo galego.

Tamén se plantexa que para ter un modelo organizativo claro precisamos formación no nacionalismo e dotar de conciencia nacional á sociedade galega e cuestionarmos de que valen as institucións se non somos quen de crear nacionalistas.